

O Lardeira de Castiñeira.

Na aldea de Castiñeira córrese o luns de Entroido a Lardeira, unha señoríña que levan os mozos e cativos e mulleres, mozas e cativas intentan quitallas nun xogo nos campos e hortas ata que se oculta o sol pola cabeza de Chadeiras. As lardeiras que non foron destruídas os mozos penduranas de lugares altos acompañadas de versos.

As carreiras e as loitas son divertidos xogos para todas e todos.

Estes xogos levámoslos ao cole para que as nenas e os nenos comencen e aprendan a correr á lardeira

Na Escola facemos as lardeiras entre todas e todos e corremola na praza da capitalidade do concello. En Vilariño de Conso o xoves de comadres.

Programa:

1.º PARTE DA ACTIVIDADE

SALÓN DE ACTOS - CIFP COMPOSTELA

10.00 h. - Proxección do documental sobre o entroido de Vilariño de Conso realizado por Pío García a finais dos 90.

10.10 h - Presentación da actividade - exposición e dos participantes.

A xeito de encontro dous Xenerais da Ulla interpretan coplas referidas a actividade e aos protagonistas.

Saída a escena de participantes vestidos coas indumentarias propias de diferentes lugares.

10.20 h - Exposición sobre os antecedentes históricos e desenvolvemento do Entroido en Vilariño de Conso e bisbarra.

11.15 h. - Intervención do público (experiencias, preguntas, achegas e anécdotas).

Actuación musical do grupo do "Abadiño Son".

11.30 h. - Remate da 1ª parte da actividade, agradecementos aos participantes, saída cara a praza do CEIP Lamas de Abade.

2.º PARTE DA ACTIVIDADE

PRAZA DO CEIP LAMAS DE ABADE

12.00 h. - Desfile de disfraces, comparsas e charangas co acompañamento musical do grupo "Abadiño Son".

12.15 h. - Entrada do fulión ou Folión, fariña e lardeiras.


Vivas aos centros participantes e colaboradores.

12.45 h. - Desfile de disfraces, comparsas e charangas co acompañamento musical do grupo "Abadiño Son".

13.00 h. - Degustación gastronómica tradicional do Entroido elaborada e servida polo alumnado e profesorado dos departamentos de Hostalaría e Industrias Alimentarias.

13.30 h. - Fin da actividade.

II Mostra do Entroido



Organizans:



Venres 20 de febreiro de 2015



Folións, foliadas, lardeiras, lardeiros, fariña... Entroido enxebre.



O Entroido é unha das manifestacións culturais máis importantes en Vilaríño de Conso.

É unha festa na que participa todo o Pobo. Maiores, mocidade, cativas e cativos e moitas persoas que veñen a nos acompañar.

En Vilaríño de Conso vivimos o Entroido con paixón. O envellecemento da poboación e o despoboamento é un serio inimigo de calquera manifestación cultural.

Dende esa consciencia e con bo ánimo dende a Escola procuramos vivir a festa do Entroido e manter unha serie de tradicións que seguen vivas aínda en boa parte das nosas aldeas.

Vilaríño de Conso sitúase nas ladeiras sur orientais do Macizo Central Galego en Ourense.

Viana do Bolo e Manzaneda son concellos veciños que tamén celebran o Entroido con paixón. Nos derradeiros anos ten existido unha clara recuperación noutros concellos próximos como A Pobra de Trives ou A Gudina.

O noso Entroido.

É un Entroido tradicional con moita historia que se move a ritmo da folión ou fulión.

O Folión

O fulión é un grupo de bombas e gadañas e aixadas con ritmos antigos. Cada parroquia ten o seu propio toque. O venres día 20 poderedes escoitar eses toques que son ben diferenciados mais con moñas semellanzas na súa base rítmica.

A Ronda e as Visitas

O folión saía na aldea facendo a ronda da aldea e tamén ía de visita ás aldeas veciñas. Estas visitas son coñecidas como as visitas de cortesía. A aldea visitada agasallaba ao folión con bebidas e comidas. A festa acababa nun banquete no que se realizaban brindes e coplas.

A Foliada

Ás veces, na aldea, discorriáanse unhas pezas teatrais que eran interpretadas pola veciñanza. Nelas criticábase a realidade cotián, falábase de amores, e de situacións divertidas da vida diaria. Estas pezas tamén eran levadas nas visitas de cortesía para divertimento doutras parroquias.

Os Boteiros e as Mazcaras

Os boteiros son as personaxes que dirixen e están ao fronte do entroido de Vilaríño de Conso e as que dirixen o folión. Na parroquia de Mormentelos os boteiros tamén son coñecidos por Mascaras. Son a autoridade do Entroido e as súas orixes non están claras, hai quen os relaciona incluso con orixes célticas.

A personaxe. O Boteiro

O boteiro distínguese no folión e tanto en Viana do Bolo como en Vilaríño de Conso teñen un traxe semellante, ricamente adobiado con fitas e flores. Estes traxes eran enfeitados polas mozas e mozos. Salientan as caretas, feitas en madeira e pel ou en cartón, e adobiadas con fitas e papeis. A monca é a vara que levan e o cinto de esquilas ou chocas. Leguis de montar dacabalo ou polainas completan o traxe.

Os boteiros de Mormentelos non levan careta e si mascarar asemellándose aos das terras de Manzaneda. Polo seu danzar coñecense tamén por danzantes.

O Lardeiro e a Lardeira.

Son as personaxes simbólicas que acompañan a mozas e mozos. Nalgunhas aldeas pendurábanse o xoves de compadres e o de comadres. Erán feitos con roupas roubadas entre mozas e mozos dos tendais e das casas.. O martes de Entroido a boneca e o boneco queimábanse previa lectura de versos.

A Fariña

A fariña é unha metáfora de fatura, en todo o calendario de entroido emprégabase a modo de xogos. Nos que as mozas e mulleres botaban a mozos e homes e viceversa. Asemade as cativas aos cativos.